

NORMAS DO COMEDOR ESCOLAR

EN TODO MOMENTO SEGUIRAN AS NORMAS INDICADAS POLOS MONITORES.

1. NORMAS DE HIXIENE:

- ✓ Lavarse **as mans** antes e despois de cada comida.
- ✓ Usar correctamente os **utensilios de hixiene**.
- ✓ Na medida do posible o **uso do aseo** será antes e despois de comer, non durante a comida.
- ✓ Manter o **espazo onde comemos limpo**, (mesa, chan, asento, etc.).
- ✓ Usar **pano** para limparnos, antes, durante e despois da comida.
- ✓ Cepillarse os dentes e **lavarse a boca** despois da comida.
- ✓ Avisar en caso de **líquidos derramados** para limpar inmediatamente.
- ✓ Colaborar no posible na **recollida** da mesa se así o **considera o monitor**.
- ✓ Os **desperdicios** tiraranse ao **contedor correspondente** segundo a normas de reciclaxe e as indicacións dos monitores..



2. NORMAS NA MESA E EDUCACIÓN NO COMEDOR:

- ✓ Respetar a todos os monitores e axudantes de comedor e colaborar con eles nas actividades propostas.
- ✓ Pedir o que se necesita **por favor** e dar as **grazas**.
- ✓ Respetar e axudar a os demais **compañeiros**.
- ✓ Ao falar utilizaremos un **ton baixo**.
- ✓ Manter unha **correcta postura na mesa**: corpo recto, pés no chan e antebrazos sobre a mesa.
- ✓ Durante o **servizo manterémonos** no sitio e atenderemos as **indicacións dos monitores**.
- ✓ A cadeira **móvese con coidado**, levantando do chan coas mans, sen arrastrar.
- ✓ Os **cutellos e o enxoval**, sitúase correctamente na mesa: prato no centro, os destros coitellos e culleres á dereita do prato, garfos os zurdos o contrario, pan e o pano á esquerda, vasos diante do prato.
- ✓ Comer os **alimentos correctamente**, facendo uso dos cutellos no primeiro e segundo prato, e tomando directamente coa man e en anacos a froita e o pan.
- ✓ Os **cutellos utilízanse para comer**, agarrados todos polo mango, **non** para facer ruídos, xogar ou xesticular ao falar.
- ✓ O **coitelo unicamente** será para **cortar**, **nunca** para levar á boca ou **xogar**.
- ✓ O **pan tómase como acompañamento** torar cos dedos, sen morder directamente, non xogar con el, nin tiralo, nin lanzalo a os compañeiros.
- ✓ Beber do vaso sen sorber e con **coidado de non derramar** o líquido. Os máis pequenos utilizarán as dúas mans.





- ✓ **Mastigar con coidado** cada bocado, **sen facer ruídos**, nin abrir a boca.
- ✓ O ritmo de comida ha de ser **moderado**, sen présas **pero sen pausas**.
- ✓ Os alumnos que coman no comedor, deberán probar todos os pratos e comer un mínimo de cada un.
- ✓ Os alimentos cortaranse en pequeno con axuda dos cubertos e a medida que se vai avanzando. En infantil facilitarase cortado e pelado.
- ✓ Tratar adecuadamente os alimentos.
- ✓ Cada un comerá o seu menú, sen tomar o do resto nin repartir a súa ración.
- ✓ **Respectar** os distintos **menús** ofrecidos a outros comensais (ben relixiosas, culturais ou saúde). Estes menús terán que ser informados a Dirección do Centro coa respectiva documentación, se así foxe necesario.
- ✓ **Para avisar ao monitor**, levántase a man en **silencio**, esperando a súa atención. Non nos levantaremos da mesa a non ser que sexa necesario e o **monitor che dea permiso**.
- ✓ **Antes de saír**, se está estipulado, **por os monitores**, recoller o correspondente e facer filas.

3. **NORMAS E EDUCACIÓN NOS DESPRAZAMENTOS E ESPAZOS OCIO:**

- ✓ Para levantarse, saír do comedor e cambiar de espazo e actividade farémolo ordenadamente e **atendendo as indicacións do monitor**.
- ✓ As saídas e entradas ao comedor e outras aulas (se é o caso), serán en orden e en silencio e seguindo as **indicacións dos monitores**.
- ✓ Nos corredores e zonas común manteremos ritmo acougado, **sen correr, nin gritar, nin empuxar**.
- ✓ O espazo de patio ou de lecer estará delimitado e axustarémonos, á zona indicada por os monitores.
- ✓ Se **existe necesidade** urxente de trasladarse fora do lugar onde se atopa o grupo (aseo, terceiras persoas, etc...) **avisarase ao monitor** e trasladarémonos só se nos dá permiso e **baixo a súa supervisión**.
- ✓ **Poñerase especial coidado e respecto coas instalacións**, materiais, utensilios do comedor, da escola e non facendo uso daquelas que estean en mal estado ou supoñan algún perigo.
- ✓ A actividade e o xogo realizarase con **respecto, compañeirismo** e compartindo con todos.
- ✓ Cando acabemos de xogar, **recolleremos todo** o que utilizamos.
- ✓ A entrega dos nenos ás **extraescolares** farano os **monitores**, dentro do seu horario establecido.
- ✓ Os nenos serán recollidos pola porta de entrada xa establecida polo centro para esta actividade. No plan madruga pódense **deixar**, e no comedor **recoller, neste último, serán entregados polos monitores só ás persoas autorizadas**.

